

Reunión ordinaria 21 de outubro de 2025

Data: 21 de outubro de 2025

Hora: 16.30h

Lugar: telemática, online

Reúnense os membros do departamento para tratar os seguintes puntos:

1. Dudas, preguntas ou consultas sobre as programación PROENS que hai que entregar o 31 de outubro. Trátáronse certos apartados das programacións (2.2, 3.1,3.2, 3.3, 4.1) especialmente aqueles relacionados cos criterios de avaliación e recuperación (decídese que no apartado de recuperación pode quedar en branco ó ser un módulo novo, ou ben ponse que no curso 2025-26 non hai alumnado que teña que recuperala materia). No apartado da bibliografía, acordouse que engadiremos os libros de textos que estamos usando en clase co alumnado.

Tratouse tamén do punto 6.3 ó relativo a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda ó dereito á avaliación continua. Comentouse que aínda que é labor do profesorado titor avisar o alumnado que perde o dereito á avaliación continua (10%), non está de máis que o profesorado avise de que está a piques de perdela (6%, correspondendo a 4 horas de inglés profesional, 4 horas de habilidades comunicativas e dúas horas en afondamento). Este 6% correspondería a 10 horas dos tres módulos e pode verse en XADE nos informes predefinidos sobre as faltas.

Comentouse que na rama de sanidade, nos módulos de farmacia e para farmacia e emerxencia sanitaria, o módulo de habilidades comunicativas é solo de unha hora á semana, e esta información non pode cambiarse en PROENS, no que está por defecto que as horas anuais son 60 en vez de 30.

Explicouse que temos unha plantilla para o módulo de Afondamento para que sexa máis doado facela programación.

2. No relativo as probas Erasmus, lembráronse as datas e as horas das mesmas.
3. Informouse de que fixéronse pedidos de tóner para as dúas impresoras.
4. Lembrouse tamén que non era posible duplica-la nota para Inglés e para Habilidades, xa que temos que poder xustificar as notas obtidas en ámbolos módulos en caso de reclamacións.
5. Por último, tratouse a posibilidade de facer unha actividade complementaria de Teatro en Inglés no Teatro Salesianos. Coma o custo é de 9,50 euros, acordouse que o alumnado podería pagar 5 euros do custo e o restante pagaríano o departamento.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.45 h.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. RICARDO MELLA

Estrada Vella Madrid 177 – 36214 Vigo. Pontevedra.

Teléfono: 886121100 – Fax: 886121026

Web: <http://edu.xunta.es/centros/iesricardomella>

Correo Electrónico: ies.ricardo.mella@edu.xunta.es



Departamento de

Inglés

galicia

A xefa de departamento,

Alicia Sánchez González

Emilio Pérez Lorenzo

Alejandro García Rodríguez

Ana Isabel González Vieites

Xulia Gutiérrez Rodríguez

Camen Antolín Pichel

Amelia Piñeiro Santorum